

DE NACIONALISMOS E DIÁSPORAS: O ECO DAS IRMANDADES DA FALA ENTRE OS GALEGOS DA ARXENTINA (1916-1931)*

Xosé M. Núñez Seixas
Universidade de Santiago de Compostela
Consello da Cultura Galega

DOI: 10.17075/iftpc.2021.010

* Refúndense neste capítulo os dous relatorios pronunciados no congreso *Nacionalismo galego e diáspora (1916-1936)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 4 e 5 de outubro de 2018. En interese da brevidade, renunciamos no texto a inserir aparello crítico e remitimos o público lector á bibliografía final.

I. ALGUNHAS NOTAS SOBRE DIÁSPORAS E MOVEMENTOS NACIONALISTAS

A perspectiva tradicional no estudo dos nacionalismos, e nomeadamente dos movementos nacionalistas europeos dende o século XIX, adoitaba enxergar as diásporas ou comunidades de migrantes dos naturais do país noutras latitudes, sobre todo nas Américas, como un axente externo. Serían un elemento acompañante, pero secundario, do desenvolvemento dos movementos nacionais ou nacionalistas no país de orixe. Nos modelos evolutivos que trataron o desenvolvemento e periodización dos movementos que tiñan como obxectivo a «emancipación» dunha nación aínda non recoñecida como un Estado, dende Symmons-Symonolewicz a Miroslav Hroch, non se prestou atención á variable da presenza de fortes comunidades migrantes como factor que podía favorecer, impulsar e mesmo determinar as posibilidades de éxito da mobilización nacionalista. Partíase adoito dun concepto moi «territorializado» e eurocéntrico de nación e nacionalismo, ademais de moi dependente das variables estruturais presentes no caso concreto, dende as precondicións sociais e económicas até a etnicidade. Os pobos con altas taxas de emigración eran equiparados case sempre a pobreza e atraso, e, xa que logo, presupúñase a existencia de eivas evolutivas no seu nacionalismo; porén, non sempre se tiña en conta que, tamén dende o punto de vista estrutural, as diásporas organizadas podían moitas veces suplir as carencias estruturais de base dunha mobilización nacionalista, ao «importaren» recursos (materiais e inmateriais) dende fóra. Mesmo nos modelos posteriores, influídos polas teorías da mobilización de recursos e dos novos movementos sociais, que incidiron de xeito preferente na existencia de «fiestas de oportunidade», no

poder e estratexias mobilizadoras dos actores, e mais dos seus recursos culturais e simbólicos, prestouse unha escasa ou nula atención ao contributo das diásporas para fornecer eses recursos, que nalgúns casos e conxunturas foi moi notable, dende Irlanda até Polonia ou os países bálticos. E, por suposto, Galicia.

O mesmo concepto de diáspora pode someterse a debate. As diásporas venciéronse sobre todo a eventos traumáticos que provocaron un éxodo masivo dun pobo ou colectivo determinado. Nalgúns destes casos, como o clásico dos xudeus, o nacionalismo territorial só pode xurdir delas por perderen o seu territorio de referencia. Velaí o caso do sionismo como grande excepción, xa que postulou dezanove séculos despois a conformación dun Estado nacional propio no seu solar orixinario, case mítico, para un pobo disperso. O caso irlandés adoitado servía tamén como a grande excepción no desenvolvemento dos nacionalismos europeos, grazas en parte á forte influencia dos *Irish-Americans* e aos seus potentes recursos e organizacións, no proceso de mobilización nacionalista da Irlanda metropolitana dende a década de 1860. Porén, tamén nestes exemplos o nacionalismo dos migrantes se vía como unha variable subordinada e secundaria, cando non exótica, e sen capacidade de evolución autónoma. As diásporas, polo xeral, limitábanse a dúas funcións. Ou ben eran fornecedoras de recursos (materiais, ás veces inmateriais), ou ben eran acubillos e lugares de acollida para os exiliados, que desempeñan un papel só en momentos ou conxunturas determinados para o movemento nacionalista no país de orixe.

Nesas comunidades diaspóricas, ademais, o nacionalismo xurdiría sempre como un produto de ideas transplantadas dende a vella Europa e desenvolvidas con meirande radicalidade nun ambiente de maior liberdade; mais as súas achegas político-ideolóxicas específicas ao nacionalismo da metrópole serían pouco relevantes. Dende a perspectiva dos estudos migratorios dos países receptores, a actividade dos nacionalistas na diáspora só sería encadrable na categoría da «etnicidade simbólica», e non atinxiría ao proceso de integración nas sociedades de acollida deses mesmos inmigrantes mobilizados a prol da nación dos seus país de orixe, ou dos seus devanceiros.

No entanto, dende comezos do século XXI proliferaron novas olladas ao fenómeno do nacionalismo «ectópico» e nas diásporas, tamén en Galicia. Esas novas visións víronse facilitadas por varios factores, nomeadamente tres:

A) O desenvolvemento dos estudos sobre os exilios e a súa interacción coas comunidades migrantes dende as perspectivas da historia social e cultural sobre os exilios. Aí xurdían algúns puntos de contacto cos estudos sobre liderado étnico nas comunidades de migrantes.

B) O desenvolvemento (explícito ou implícito) dun enfoque propio da historia global e transnacional sobre o desenvolvemento dos nacionalismos. Esa perspectiva salienta, en especial, a relevancia histórica de dúas dimensións que aquí nos interesan. Primeiro, a importancia das transferencias culturais e a dimensión «entrecruzada» ou *croisée* do desenvolvemento dos movementos nacionalistas. Os nacionalistas cópanse uns a outros; porén, cómpre non esquecer que, no decurso do proceso de transferencia, a natureza do produto transferido tamén muda (M. Espagne). Segundo, a importancia dos «momentos», das conxunturas nas que a difusión dos imaxinarios e ideas nacionalistas experimenta unha forte aceleración. Así aconteceu, por exemplo, con «vagas» como a primavera dos pobos, a difusión do wilsonismo nas periferias imperiais e europeas e mais a recepción dos modelos dos movementos de liberación nacional africanos e asiáticos noutras latitudes, incluíndo as «periferias» ibéricas.

C) Iso tamén fixo salientar o estudo dos actores concretos que serviron de intermediarios neses procesos. E, dentro deles, poucos actores máis transnacionais que os migrantes, e poucos fenómenos existen tan transnacionais como as diásporas. O papel das imaxinacións diaspóricas, das diásporas ou comunidades de migrantes como axentes activos, e non só auxiliares ou pasivos, no desenvolvemento dos movementos nacionalistas, de igual xeito que noutros movementos sociais, pasou a ocupar o primeiro plano. Pois as diásporas non só forneceron recursos materiais e inmateriais aos líderes nacionalistas de Europa; tamén facilitaron contactos internacionais, ben como a intermediación ante outros Estados. Forneceron igualmente líderes nacionalistas «ectópicos» e deron a luz

imaxinarios e conceptos de nación específicos. Tamén realizaron contribucións (maiores ou menores) aos repertorios culturais e de mobilización dos nacionalismos europeos.

A valoración dese papel tamén tivo outra consecuencia: profundar na «provincialización» de Europa, parafraseando o historiador indio Dipesh Chakrabarty. Non hai que entender que os nacionalismos europeos, grandes ou pequenos, constitúan unicamente un produto que se exportou dende Europa a América Latina, aos EUA ou ás diversas periferias imperiais. Adoito, os líderes e partidos representativos dos nacionalismos europeos aprenderon das súas experiencias noutros continentes, tanto dos nacionalismos latinoamericanos –caso da experiencia de Giuseppe Garibaldi no Río da Prata e no Río Grande do Sur, que influíu pola súa vez no seu proxecto para Italia– como dos nacionalismos asiáticos ou africanos –caso da recepción dos movementos de liberación colonial por parte das novas xeracións da esquerda nacionalista das periferias europeas dende finais dos anos cincuenta–. Tamén dos nacionalismos «imperiais» dos colonos. Arthur Griffith, fundador do Sinn Féin, aprendeu dos nacionalistas indios, bóers e maxiáres, mentres que os nacionalistas flamengos aprenderon estratexias de mobilización dos bóers, coma o mesmo Gandhi durante a súa estada en Sudáfrica. As periferias tamén influíron noutras periferias, pois as transferencias de imaxes e ideas seguen unha lóxica multidireccional, a xeito dunha rede con múltiplos nós.

Unha breve panorámica histórica do fenómeno podería comezar polas comunidades de exiliados liberais e os intercambios transnacionais, tamén de imaxinarios nacionais, denantes de 1850. Coas migracións masivas xurdiron comunidades de inmigrantes de moi diversa procedencia, sobre todo en destinos americanos e tamén en lugares como Cidade do Cabo ou Sydney. Nesas comunidades de migrantes, tanto os activistas dos nacionalismos «de unificación» como os partidarios dos movementos das nacionalidades dos imperios austrohúngaro, otomán e tsarista e mais os expatriados adquiriron unha importancia crecente e reformularon adoito o ideario e o imaxinario das colectividades de migrantes.

Iso tamén deu lugar, no XIX e no XX, a frecuentes conflitos entre as elites inmigrantes «económicas» e os exiliados ou expatriados, e nalgúns casos entre líderes «recibidos» e líderes «endóxeos», segundo a coñecida definición de John Higham. Mais tamén forzou os exiliados e activistas etnonacionalistas a facer concesións. A política «a distancia» que era exercida no seo de comunidades de inmigrantes posúe características específicas e límites definidos, marcados pola prédica do interclasismo e dunha mensaxe suprapolítica que apelaba ao mínimo común denominador dos migrantes e os atraía a afiliarse a entidades chamadas tamén a satisfacer necesidades prácticas e cotiás, dende atención médica a lecer. A solidariedade étnica sempre lle presentaba un dilema dificilmente resoluble á tendencia a facer política de partido ou de facción. Cómpre ter en conta, de igual maneira, que a mobilización alcanzaría só os inmigrantes que se achaban dentro do ámbito de influencia das institucións e asociacións dos tales.

A iso uníase a frecuente dialéctica entre líderes obreiros inmigrantes (internacionalismo e prioridade dos intereses sociais, de colectivos profesionais ou de clase dentro do colectivo inmigrante) e líderes nacionalistas (que pensaban sobre todo na política cara ao país de orixe, que só secundariamente ten un reflexo na situación interna do grupo inmigrante de referencia na sociedade de acollida). Niso pesaban, e moito, a composición social do grupo inmigrante (as diásporas proletarias fronte ás diásporas mobilizadas, segundo a clásica definición de Armstrong) e mais a súa concentración xeográfica: non é o mesmo influír dende Nova York ou Londres que facelo dende Bos Aires ou São Paulo. Doutra banda, as metrópoles imperiais (París, Londres, Viena, Nova York, Berlín, Istambul; en menor medida Roma ou Madrid) actuaron adoito como lugares de encontro de activistas nacionalistas ou anticoloniais de diferentes procedencias. Iso favoreceu tamén os contactos entre eles, dende indonesios e indios en Amsterdam a bretóns e alxerinos en París.

Cómpre, xaora, ver o desenvolvemento dos movementos nacionalistas e mais as súas diásporas como unha interacción sociopolítica e cultural entre dous ou máis polos: unha osmose constante entre países de orixe e países de destino. Esa

interacción seguiu ritmos e intensidades diferentes entre os dous extremos: país de orixe e comunidades migrantes. Comunidades migrantes que, pola súa vez, reciben o influxo dos nacionalismos dos seus países de residencia.

Non sempre o nacionalismo dos migrantes seguiu o ritmo de desenvolvemento dos seus conterráneos de orixe. Houbo diásporas nas que o sentimento nacionalista propio resultou máis forte que no lugar de orixe. Foi o caso dos frisóns ou, en parte, dos galeses. Outras eran demasiado «proletarias» e só se interesaron polos seus intereses sindicais ou gremiais, caso dos macedonios. Noutras máis, o cultivo do sentimento nacionalista recreaba mesmo unha patria imaxinada e arcaica que xa non existía como tal nos seus lugares de partida. Velá a diáspora armenia, nutrida tanto por descendentes dos sobreviventes do xenocidio de 1915-16 como da antiga diáspora xa establecida en Francia, América e outros lugares con anterioridade. Ocorre que a súa Armenia de orixe na Anatolia xa non existe, a súa relación coa Armenia postsoviética foi problemática e preferiron recrear unha sorte de patria imaxinada na distancia.

Cómpre, en fin, ter en conta que o discurso e imaxinario etnonacionalista na diáspora non sempre serve as mesmas funcións na sociedade de orixe que na sociedade de destino. Iso explica tamén as súas mutacións; por exemplo, en discursos de vindicación do colectivo inmigrante ante a sociedade receptora, ás veces en briga con outros grupos inmigrantes: os vascos como pobo europeo «superior» na Arxentina; os inmigrantes irlandeses que a través da súa redefinición como «celtas» aspiraban así á elite anglosaxoa e protestante estadounidense, afastándose tanto dos inmigrantes chineses como dos xudeus da Europa oriental, etcétera.

Non é este o lugar de abordar polo miúdo as diversas diásporas nacionalistas e o seu influxo sobre os vellos e novos nacionalismos europeos durante os séculos XIX e XX. Unha rápida listaxe comezaría cos liberais e republicanos italianos e alemáns dende os anos trinta do século XIX, nomeadamente os republicanos mazzinianos e mais os *Achtundvierziger* alemáns, que procuraron o apoio económico e político dos seus conterráneos emigrados e se erixiron en líderes, en moitos casos, das súas comunidades de emigrantes. Nunha xeración posterior, as

diásporas desempeñaron un rol sobranceiro para outros nacionalismos que non se viran beneficiados pola «primavera dos pobos» e 1848: os irlandeses e algúns nacionalismos da Europa centrooriental, como os poloneses, os checos e os eslovacos, ben como lituanos e letóns, finlandeses e noruegueses. Algúns casos son ben coñecidos e constituíron o modelo e inspiración para outros nacionalismos e as súas diásporas, especialmente o dos *Irish-Americans* dende mediados do século XIX até o período de entre as guerras, fenómeno masivo que mobilizou centos de milleiros de inmigrantes irlandeses nos EUA, recadou recursos, serviu de viveiro para a educación paramilitar e o desenvolvemento de toda unha xeración de activistas que optaron pola violencia (a tradición «feniana») e tentou facer de panca ou grupo de presión na política exterior norteamericana. A implicación dos irlandeses de América tería continuidade, aínda que decrecente, nos anos vindeiros, a través do apoio de clubs e asociacións irlandeses de Boston, Chicago, Nova York e outras cidades aos activistas republicanos do IRA e aos católicos norteirlandeses.

Outros nacionalismos da «terceira vaga» tamén tiveron apoios dende as súas diásporas, en maior ou menor medida. Foi o caso do catalanismo, do movemento flamengo, do nacionalismo vasco, do galés e do galego e, en moito menor medida, doutros movementos, algúns tan exóticos como os portorriqueños de orixe corsa, co seu apoio aos nacionalistas corsos dende a década de 1960, ou os *Frisian Americans* que xa na posguerra prestaron apoio ao pouco que ficaba do movemento frisón. En épocas posteriores, as diásporas curda, armenia ou támil seguirían o seu exemplo.

Da comparanza entre diversos casos, podemos tirar un feixe de conclusións:

1) Os estímulos iniciais para o desenvolvemento do etnonacionalismo entre os colectivos de emigrantes adoitan rexistrarse, abofé, na metrópole ou no país de orixe, e espállanse entre as colectividades de migrantes a través do movemento de novos migrantes adheridos ás novas ideas ou imaxinarios nacionais.

2) Trátase case sempre, agás nalgunhas excepcións –como o nacionalismo canario, ideado na década de 1890 por un expatriado, Secundino Delgado, e nos

primeiros anos da de 1920 por emigrantes canarios na Habana—, de nacionalismos transplantados, e non «ectópicos». Non nacen fóra, senón que en parte son sementados fóra, e viaxan nos barcos que transportan exiliados e emigrantes como parte da súa equipaxe mental e intelectual. Mais non nacen dunha identidade transplantada polos emigrantes do común, senón dunha prédica consciente de actores itinerantes, nomeadamente exiliados políticos, axitadores e xornalistas, intelectuais e *plumillas*. Así ocorre, sen ir máis lonxe, co desenvolvemento dos nacionalismos catalán, vasco e galego entre os emigrantes na América dende 1870. E o mesmo acontecía coas comunidades de emigrantes italianos ou alemáns no século XIX.

3) O sentimento diaspórico e a identidade de orixe víanse acrecentados cando existía un acontecemento traumático, de carácter socioeconómico ou violento, que xeraba un ambiente favorable á difusión dos ideais nacionalistas tanto entre os migrantes xa establecidos como entre os novos arribados. O «outro» era visto como o culpable do éxodo, directa ou indirectamente. Se os armenios facían responsable do seu éxodo o Estado turco, os nacionalistas irlandeses culparon a Gran Bretaña de manter Irlanda na miseria, nunha suxeición pseudocolonial que provocaría a Gran Fame de 1845-49 (*An Gorta Mór*).

4) Con todo, tamén houbo emigrantes que se fixeron patriotas lonxe da casa, recibían estímulos diversos, entre eles os chegados do país de orixe, e portaron esa bagaxe de volta ao país. As interaccións pasarían a ser constantes ao longo dos séculos XIX e XX: os nacionalistas de «alén mar» ou expatriados seguían o ritmo da evolución dos movementos nacionalistas en Europa ou na metrópole. Emporiso, tamén experimentaban influxos específicos, nomeadamente de dúas fontes: a) os propios discursos e imaxinarios nacionalistas das sociedades de acollida, que adoito (caso do antihispanismo dos nacionalismos latinoamericanos, ou do sentimento antibritánico dos nacionalismos «imperiais» australiano ou canadiano, do bóer ou do norteamericano) incidían na radicalización do nacionalismo dos inmigrantes, mais que tamén obrigaban a procurar valores e xenealoxías compartidos cos imaxinarios nacionalistas dos países de recepción, e b) os

exemplos doutras diásporas migrantes no propio país de recepción que experimentaban, así mesmo, unha importante mobilización nacionalista e podían operar como espellos nos que ollarse.

5) O discurso nacionalista importado de Europa estivo suxeito a reinterpretacións e adaptacións diversas, tanto a un novo contorno social como ás diferentes funcións –a conciencia de «superioridade» étnica fomentada pola opinión pública arxentina ou uruguaia, no caso dos vascos; a necesidade de reaccionar fronte ao desprezo social no caso dos galegos na América Latina, ou dos irlandeses nos EUA, e logo dos poloneses–, que viñan determinadas, pola súa vez, pola situación de cada colectivo inmigrante e polos intereses de cadansúas elites sociais endóxeas. Desta maneira, o discurso etnonacionalista podía converterse nun recurso eficaz para as elites que loitaban e competían por un espazo de poder no seo das colectividades de inmigrantes e que procuraban un recoñecemento por parte das súas comunidades de orixe e das súas sociedades de acollida asemade.

6) O grao de etnicidade primixenia dos migrantes non tiña por que ser determinante para a reactivación do nacionalismo «metropolitano» entre eles, malia poder desempeñar un papel previo ou condicionante. En xeral, os europeos asimiláronse con rapidez (cultural e lingüísticamente) nas novas sociedades americanas. Por tanto, coma na vella Europa, a construción das identidades nacionais nas diásporas non foi un proceso espontáneo e «natural», senón máis ben o resultado dun proceso de «gastronomía» (Anthony Smith), dunha mobilización sociopolítica, de xogos de intereses e da elaboración consciente de imaxinarios identitarios que fosen capaces de os abranguer. Así mesmo, para os «nacionalistas da diáspora», e nomeadamente para os de segunda ou terceira xeración, o elo emotivo coa patria irredenta de orixe podía adoptar tons radicais que tiñan pouco ou nada que ver cos seus posicionamentos en política interior nos países de acollida: a política cara ao país de orixe pertencía a unha dimensión diferente, a da política imaxinada. O maior ou menor éxito dos proxectos nacionalistas nuns casos, en comparación con outros, dependería da correlación de forzas

existente entre as elites políticas, os seus recursos de mobilización e mais a súa posición social e institucional.

7) Os colectivos mobilizados non eran o conxunto dos migrantes. Os nacionalistas irlandeses, lituanos ou croatas, coma os galegos, cataláns ou vascos emigrados, non contaron co apoio de todos os conterráneos que querían integrar no seu proxecto de comunidade imaxinada. Os ibéricos enfrontábanse á competencia dos proxectos de «renacionalización» hispánica das colectividades migrantes. Caso semellante dende mediados do XIX foi a rivalidade de activistas promaxiares e nacionalistas eslovacos entre os inmigrantes eslovacos dos EUA, ou a disputa entre nacionalistas poloneses e lituanos no seo da comunidade lituana inmigrada naquel país.

8) En cada caso concreto asistimos a formas diferentes de liderado étnico ou nacionalista. Segundo a xa clásica tipoloxía de Higham (1978), o liderado de tipo «recibido», propio do período formativo das comunidades étnicas, preexistente nos países de orixe e implantado no país de destino, tería relevancia só nunha primeira fase, como no caso dos cregos católicos vascos, moi semellante ao dalgúns pastores protestantes dinamarqueses na Arxentina ou ao dos curas católicos poloneses nos EUA. Emporiso, para os cataláns ou galegos o liderado endógeno foi moito máis significativo: os expatriados republicanos, chegados a América na súa mocidade, gañaban prestixio e notoriedade grazas á súa axencia no seo das colectividades. Nunha segunda fase, ese liderado étnico «recibido» pasou a ser exercido polos exiliados políticos galeguistas, polos catalanistas ou polos nacionalistas vascos. O seu éxito foi meirande no caso dos galegos en Bos Aires, dos vascos en varios puntos de América e dos catalanistas en México ou Bos Aires; foi menor no caso dos galegos na Habana e México. A tarefa dos exiliados políticos tornouse máis doada alí onde atoparon estruturas de acollida ou cadros fornecidos polas elites endóxenas das colectividades emigrantes, mais ás veces tamén bateron con aquelas.

9) O estudo das identidades nacionais de orixe nas diásporas descobre outra cuestión, máis propia dos estudos migratorios. Trátase de manifestacións visibles

da identidade colectiva –participación en actos públicos, manifestacións, aceptación ou rexeitamento de símbolos e rituais, etcétera–, para as cales é presumible unha participación espontánea. Mais as loitas ideolóxicas polo liderado étnico das asociacións, e as brigas entre os seus dirixentes, non sempre eran unha tradución real das preocupacións da masa social afiliada a esas entidades. Os inmigrantes do común perseguían ante todo obxectivos inmediatos, utilitarios e tanxibles, dende a protección mutua até o recreo.

II. O CASO DA RECEPCIÓN DO GALEGUISMO POLÍTICO NA ARXENTINA (1916-1931)

Igual que aconteceu no caso de Cuba, a difusión das ideas encarnadas polas Irmandades da Fala no seo da comunidade inmigrante residente na Arxentina, e de xeito especial na súa capital, Bos Aires, achou varias precondicións en principio favorables.

En primeiro lugar, a alta concentración espacial. Na altura de 1914, había máis galegos –entendendo como tales os nados en Galicia– en Bos Aires que na Coruña ou Vigo. Pódese calcular que eran máis de cen mil. Dalgún xeito, a capital de Galicia dende a segunda década do século XX era Bos Aires.

En segundo lugar, o alto nivel de artellamento societario da comunidade inmigrante. A colectividade galega na Arxentina era potente e dinámica, e nas beiras do Río da Prata asistíase ao abrollar dunha sociedade civil paralela. A comunidade estaba nucleada de forma orgánica en grandes institucións mutualistas, comezando polo Centro Galego, (re)fundado en maio de 1907, ben como en ducias de asociacións microterritoriais de ámbito parroquial, municipal, comarcal e ás veces provincial.

En terceiro lugar, ese tecido societario amosaba un notable grao de politización, maior mesmo que en Cuba e que noutras colectividades inmigrantes ibéricas e extraibéricas. Iso deixábase notar, nomeadamente, no alto grao de

concienciación sociopolítica dunha boa parte dos líderes da colectividade galega. Isto debíase a un feixe de factores concorrentes: A) a presenza dende a década de 1879 de varias camadas de expatriados republicano-federais e algúns rexionalistas, aos que se uniron dende comezos do século XX activistas sindicalistas (socialistas e anarquistas) e agraristas, procedentes na súa gran maioría da Galicia meridional, onde meirande predicamento tiña a demanda da abolición foral; B) o feito de que en Bos Aires existise, a diferenza do que acontecía na comunidade galega da Habana, un amplo eido libre para a pluralidade asociativa: o Centro Galego non era tan dominante coma na capital cubana sobre o resto das asociacións microterritoriais, que adquiriron axiña unha dinámica de seu e conformaron potentes federacións de ámbito provincial e galego, e C) unha parte da *intelligentsia* galega, e dos activistas socialistas, optaron de xeito decidido pola política étnica, é dicir, a axitación política e social no seo da colectividade inmigrante, o que serviría de trampolín para influír na propia Galicia de xeito capilar a través da actividade das sociedades de instrución, que pola súa vez mantiñan en Galicia escolas e sostiñan sociedades agrarias e periódicos anticaciquís, entre outras moitas actividades. A iso uníase un cuarto factor, D), resumible na forza relativa dunha esfera pública visible da colectividade galega, artellada sobre todo mediante un tecido de prensa étnica (*Nova Galicia* dende 1901, *El Eco de Galicia* dende 1892, *Correo de Galicia* dende 1908 e algúns outros). Era o que Eduardo Blanco Amor denominaría a posteriori con retransca o mundo dos «periodiquines regionales», o que para xornalistas autodidactas (ou aspirantes a selo) coma el constituía unha fase previa para dar o salto aos grandes xornais arxentinos.

Entre as elites inmigrantes existía ademais unha posible precondition favorable para o espallamento da nova mensaxe das Irmandades da Fala, igual que o fora de maneira previa para a asunción dos postulados rexionalistas: a extensión dun discurso cunha matriz prepolítica de afirmación étnica, vista como un devez por reivindicar a dignidade da condición étnica de galego fronte ao estereotipo negativo imperante na esfera pública arxentina. Recorríase así a diversas

estratexias: a afirmación da historia propia e da literatura de Galicia, o cultivo de mitos compartidos e non conflictivos co panteón patrio arxentino (o descubridor Cristovo Colón, o presidente Bernardino Rivadavia, o explorador Villarino...) e mais a exaltación da paisaxe e das belezas naturais de Galicia.

Alén do cultivo da morriña e da saudade como recurso emocional para dar cohesión á comunidade inmigrante, a mensaxe subliminar que se degoxaba transmitir á sociedade receptora era que os galegos non eran parvos ou inxenuos por natureza, como o estereotipo étnico adoito lles atribuíu. Se os galegos emigraban non era porque o seu país de orixe fose pobre e salvaxe; pola contra, era un paraíso na terra, cheo de riquezas e belezas naturais. Mais ese paraíso fora historicamente aldraxado e maltratado polo Estado, cuxa política hostil e ineficaz obrigaba os galegos (e dende 1918, cada vez máis, as galegas) a emigrar. E se moitos inmigrantes falaban mal o castelán –algo do que o teatro popular porteño adoitaba facer rexouba– non era por falla de cultura, senón por posuíren unha lingua, e, por tanto, unha etnicidade, propia e característica. Existía aí, xaora, un posible terreo para a recepción favorable dunha mensaxe vindicativa, que fose alén da reivindicación do bo nome de Galicia e dos galegos e reforzase os trazos de identidade diacríticos dos inmigrantes, facéndoos pertencer a unha nación europea de vella historia e vedraño avoengo. Teimar nesa xinea colectiva dos inmigrantes galegos servía así a finalidade de enxalzar o seu prestixio, comezando polo da elite inmigrante.

Dende finais do século XIX o rexionalismo galego, nomeadamente o de tendencia liberal representado por Manuel Murguía, contara con adhesións na colectividade galega do Río da Prata. Expatriados como Manuel Castro López, fundador de *El Eco de Galicia* no 1892, foran en orixe republicanos federais; a eles uníanse republicanos como o ourensán Xulio Carballo, o pedagogo Ignacio Ares de Parga ou Ricardo Salgado. Para moitos deles, a prédica do rexionalismo, non tanto na súa vertente política concreta como na súa narrativa histórica e cultural, constituía unha estratexia discursiva e simbólica eficaz para afirmaren a dignidade da colectividade galaica, pero combinábanos co rexeneracionismo

hispanoamericanista en voga dende comezos de século. Expresaron simpatías abertas polo rexionalismo diversos voceiros de prensa da colectividade galega, dende *El Eco de Galicia* ata o semanario *Nova Galicia*, do xornalista e notario Fortunato Cruces, a partir de 1901. Eses órganos moldearon a imaxe externa da colectividade inmigrante, nun momento no que o continxente de inmigrantes galegos en Bos Aires medraba de maneira constante, se espallaron dende 1904 as sociedades microterritoriais e as festas da colectividade asumiron un carácter popular e máis plebeo, o que igualmente esporeou o aumento da demanda de produtos culturais na lingua propia e con carácter evocador das festas labregas, dende a música até a gastronomía e o teatro máis ou menos chocalleiro, pero tamén vindicativo, de resaibos anticaciquís e agraristas.

A partir de 1898, as elites intelectuais da colectividade galega, pola súa banda, tamén fixeron bandeira simbólica do rexionalismo, ou polo menos dalgunhas das súas iconas, como a defunta Rosalía de Castro, nalgunhas das súas iniciativas. Velaí o caso do Ateneo Rosalía de Castro, fundado no 1899 polo médico compostelán Ángel Anido, presidente ao mesmo tempo da Asociación Patriótica Española. Entre 1900 e 1918 existiron varios precedentes nos que se apreciaba unha acentuación dos postulados de afirmación etnoterritorial, dende a revista *Suevia* (1913), de curta andaina, e mais a evolución dalgúns orfeóns até o xurdimiento da Asociación Protectora da Academia Galega en Bos Aires. Porén, e coma noutros casos europeos, o novo galeguismo político chegou a través da prensa, mediante o constante tráfico de migrantes entre a sociedade de orixe e a de destino e tamén por medio da propaganda proactiva das Irmandades da Fala, que dende 1917-18 procuraron, como denantes fixeran os agraristas de Basilio Álvarez ou do Directorio de Teis, o apoio económico e moral das colectividades organizadas dos emigrantes. Isto é, da diáspora galaica, tentando imitar, máis unha vez, os irlandeses.

Pero agora non só se solicitaba o seu apoio financeiro ou organizativo, senón que se lles ofrecía aos líderes que na diáspora puidese haber un rol director dentro dun movemento galeguista que, dende os seus empezos, parecía abandeirar

unha idea da Galicia global. Niso, as primeiras Irmandades ían alén dalgúns dos movementos que lle servían de espello e orientación á hora de mobilizaren a diáspora, como os irlandeses ou os poloneses. Tratábase probablemente dun reflexo da convicción, xa expresada no hispanoamericanismo rexeneracionista e na publicística galega dende finais do XIX, de que en América se atopaban as mellores probas do talento creativo dos galegos. Isto é, unha auténtica sociedade civil organizada, que tamén respondería ao feito de os galegos emigrados seren, logo de maduraren na rexa experiencia do traballo alén mar, os máis capacitados moral e politicamente para rexenerar o país de orixe. Xa no folleto de Lois Porteiro Garea *A los gallegos emigrados* (1918), propúñase mesmo que os emigrantes constituísen o «estado maior» do movemento galeguista, amais de enviaren remesas de cartos.

Entre 1917 e 1921 arribaron como inmigrantes á Arxentina algúns individuos novos que tiveran previamente contacto coas Irmandades da Fala na propia Galicia. Foi o caso do ourensán Eduardo Blanco Amor, quen recibira o maxisterio de Vicente Risco denantes de emigrar no 1919; do tamén ourensán Fuco Lamas e do viaxante de comercio estradense Ramiro Isla Couto, emigrado polas mesmas datas e retornado por un tempo no 1922. Ademais, dende a súa fundación as Irmandades da Fala recibiran un eco positivo na prensa galega de Bos Aires até finais de 1918. A súa definición ideolóxica como nacionalistas, indo alén dos moldes do rexionalismo e da reivindicación da lingua como símbolo ou tradición que preservar, provocou, porén, reaccións encontradas. Tamén deu lugar a reticencias abertas nalgúns voceiros, incluíndo influentes rexionalistas e activistas proagraristas como Fortunato Cruces e o seu semanario *Nova Galicia*. Con todo, dende o Río da Prata adoitábase ver os *irmandiños* con certo respecto e asimilábanos a novos rexionalistas ou rexeneracionistas, máis que a auténticos etnonacionalistas, mesmo se xornalistas como José R. Lence, antigo maurista e director do semanario *Correo de Galicia* dende 1908, adoptaron por un tempo a etiqueta de nacionalistas galegos, logo de aquel ter contacto coa plana maior das Irmandades no decurso dunha viaxe a Galicia no 1922.

Unha parte dos antigos rexionalistas, agraristas e rexeneracionistas que viñan de décadas anteriores vencelláronse por un tempo ás novas Irmandades da Fala, asimilándoas máis a reivindicación idiomática e san rexionalismo que ao que eran, un novo credo político que facía de Galicia suxeito de dereitos políticos colectivos. A Asociación Regionalista A Terra, fundada en marzo de 1918 a partir dun núcleo constituído meses denantes, obedecía moito máis ao primeiro pulo que ao segundo. De aí que o conflito entre varios dos seus promotores non tardase en chegar. Ao mesmo tempo, porén, eses rexionalistas e algúns dos novos nacionalistas tentaron xogar a carta da política étnica, inmiscíndose nas entidades recreativas, mutualistas e de instrución para captaren adherentes e poderen mobilizar a súa base social. Integráronse así como grupo fundador, canda outros colectivos que tiñan certa afinidade co nacente galeguismo (un orfeón, un coro e unha asociación cultural), na constitución dunha nova asociación mutualista, a Casa de Galicia (1919), que pretendía concorrer co Centro Galego e na que os galeguistas terían certo influxo xunto con outras elites da colectividade. Dispuñan xa dun modelo próximo de actuación: o dos núcleos catalanistas que crearan no 1908 o Casal de Catalunya, como entidade alternativa ao Centre Català, co fin de usalo como plataforma favorable aos ideais do catalanismo político.

A Casa de Galicia declarouse rexionalista e contou co concurso de novos galeguistas, como o escritor e xornalista ourensán Eduardo Blanco Amor ou o tamén ourensán Rodolfo Prada. Durante varios anos experimentou un proceso de espallamento que a levou a fundar sucursais noutras localidades bonaerenses, editar un voceiro e tentar estender o seu ámbito de actuación ao mutualismo. A maiores, acolleu no seu seo as angueiras dunha asociación protectora da Real Academia Galega no 1921, que até a súa disolución no 1926 desempeñou un relevante papel como financiadora da institución coruñesa. Porén, a Casa de Galicia axiña defraudou as expectativas que os líderes das Irmandades depositaran nela. Entre 1921 e 1922, tomou posición afervorada a prol do patriotismo español co gallo da guerra de Marrocos, e mesmo apadriñou unha pequena expedición de voluntarios galegos que partiron dende Bos Aires para incorporárense

ás tropas que combatían naquel lugar. Un desilusionado Vicente Risco escribi-ríalle en xullo de 1922 a Blanco Amor: «[X]a vou sabendo o que son os galegos d-América».

As Irmandades da Fala soñaban certamente con América, fascinados eles como estaban pola miraxe do apoio dos irlandeses da diáspora á emancipación do seu país de orixe, ou dos eslovacos e poloneses dos EUA á independencia de Checoslovaquia e Polonia. No entanto, e a diferenza de Basilio Álvarez, xamais viaxaron en xeira de propaganda a América. A maiores, as Irmandades esgazaron en dous bandos logo de catro anos. Foi, sobre todo, a nova Irmandade Nazonalista Galega, liderada por Vicente Risco, a que conseguiu primeiro espallarse na Arxentina. Risco cursou encargos a Blanco Amor e mais a Ramiro Isla para estender os ideais nacionalistas en América, sobre todo a Isla, quen ao retornar a Bos Aires levou un cargamento de libros para partillar entre os núcleos activos da emigración. Ao mesmo tempo, porén, activistas como Pesqueira ou Revestido afastáronse do movemento, en parte porque, como xornalistas profesionais, xa xogaban na outra «liga», a da prensa argentina.

Ramiro Isla Couto, un incansable propagandista, alén de viaxeiro, dispuña ademais de activos elos familiares en Bos Aires que puido mobilizar a prol da causa galeguista. Nomeadamente, os seus curmáns Fernández Couto, ambos os dous vencellados á Unión Estradense e autores teatrais en galego, achegados até daquela aos postulados do agrarismo e cunha certa sensibilidade rexionalista. Amais deles, contouse con Fuco Lamas Salgado e co seu colega Eliseo Pulpeiro, tamén viaxante de comercio. Esas redes uníronse ás angueiras de Blanco Amor, entre outros. A estratexia deseñada por Risco dende Galicia consistía máis ben en crear un grupo selecto, de elites: poucos e escolleitos. Resultado diso foi a edición dalgúns números da coidada revista *Terra* no 1923, como voceiro da ING «n'a América do Sul», voceiro que deu a coñecer os postulados do nacente nacionalismo das Irmandades no Río da Prata, con artigos orixinais dos seus líderes, en primeiro lugar de Vicente Risco, e un certo ton «inadaptado» que evocaba en certo xeito o espírito inicial da revista ourensá *Nós*, fundada no 1920.

Coma na Habana, os activistas galeguistas de Bos Aires levaron a cabo algúns tentos para asociárense á mobilización anticaciquil das sociedades de instrución, que se intensificou entre 1921 e 1923, e de capitalizaren as súas simpatías en prol do novo credo representado polas Irmandades da Fala. Porén, o seu éxito nun comezo tamén foi escaso. Aínda que dende finais da segunda década do XX callaron con forza algunhas federacións de sociedades de instrución, o certo foi que, nos primeiros pasos tanto da Federación de S. de I. da provincia da Coruña (1919) como da Federación de Sociedades Galegas (1921), os galeguistas apenas tiveron presenza. Pola contra, os dirixentes societarios de simpatías socialistas, republicanas e agraristas si ocuparon importantes posicións nesas federacións. A iso uníase a inestabilidade interna do grupo promotor da ING en Bos Aires.

Perante a chegada e consolidación da ditadura de Primo de Rivera en España, algúns periódicos galaico-porteños (*Correo de Galicia*) posicionáronse dende un empezo contra do ditador, o que favoreceu a súa apertura cara ás opcións que se opuñan ao réxime, incluídos os galeguistas. Outros, como *Nova Galicia*, creron ver no xeneral golpista o cirurxián de ferro que rexeneraría España e resolvería o problema agrario de Galicia, de maneira que se converteron nun apoio da ditadura en Bos Aires, como de feito tamén fixeron moitas sociedades de instrución cubanas. Mais a chegada da ditadura provocou, así mesmo, unha radicalización no seo das sociedades de instrución, ou polo menos nalgúns dos seus núcleos e líderes máis mobilizados. Unha parte do grupo galeguista primixenio abriuse a novas incorporacións, procedentes tanto do socialismo como do movemento obreiro arxentino, caso do escolante Antón Alonso Ríos (quen tamén actuaba no seo da colectividade como dirixente da potente entidade Hijos de Silleda) ou do sindicalista autodidacta sadense Ramón Suárez Picallo, ben como a outros activistas procedentes do eido republicano. Ao prezo de rebaixaren os contidos nacionalistas, ambos os dous participaron na fundación da coidada revista *Céltiga* (1924-32) xunta Eliseo Pulpeiro e Domingo Rial Seijo, antigo promotor da Asociación Coral Gallega, entre outros.

Dende a privilexiada plataforma que ofreceu *Céltiga*, que axiña se converteu nunha das máis interesantes publicacións do panorama editorial galego do seu tempo, os posibilistas conseguiron acceder no 1925 ao liderado da FSG, organización que na altura estaba a mudar de titulares na propia Galicia. Desencantados coas conxencias de Basilio Álvarez e a súa Confederación Regional de Agricultores Gallegos co réxime primorriverista, os dirixentes socialistas e agraristas da FSG optaron por achegarse nun comezo ao PSOE galego e mais á UGT. No entanto, tamén os socialistas españois aceptaron colaborar de maneira pragmática coa ditadura. Nesas circunstancias, os galeguistas, como actor novo, atoparon unha oportunidade para integrárense na FSG e influíren nela dende dentro. Mais no seo da Federación os galeguistas bateron axiña cun inimigo asañado nos sectores socialistas, que gardaban unha actitude fortemente hostil cara ao galeguismo e cara ao idioma galego, ollado como un símbolo do atraso rural e do mundo das tebras caciquís, que cumpría superar ante o horizonte do progreso: «[E]sas tradiciones que huelen a “bruxas”, “feitizos” y supersticiones desarrolladas a la sombra de una religión corrompida».

Entrementres, algúns membros da antiga ING, canda algunhas incorporacións novas (o empregado de banca Lino Pérez, o pintor Clemente López Pasaron etc.), fundaron a Sociedade d'Arte Pondal, asociación en teoría cultural pero en realidade cobertura para as súas actividades políticas, e evolucionaron cara ao independentismo máis ou menos retórico. Era un nacionalismo «integral», republicano e só vagamente esquerdista, con poucas definicións alén da radicalidade arredista. No 1926 editaron catro números dun novo e orixinal voceiro, *A Fouce*, que reaparece de 1930 a 1936 como órgano do *arredismo*.

Entre as dúas pólas esgazadas do nacionalismo galaico-arxentino tivo lugar unha afouta competencia retórica, pero tamén unha táctica colaboración no seo da FSG, cuxo control conseguiron logo de os sectores prosocialistas se dividiren no 1929. Os galeguistas levaron canda eles un menor número de sociedades, mais as que levan son máis concorridas. Os seus bastións principais eran a Unión Estradense, Hijos de Silleda e a Unión Quiroguesa. Outros galeguistas, como

Casto Insua, actuaban de maneira un tanto independente na Asociación Benéfico-Cultural del Partido de Corcubión. Os prosocialistas, que se mudaron á rúa Mitre, atraeron un maior número de entidades, pero con menos socios. Malia seguiren a publicar un voceiro propio, a súa incidencia sociopolítica na Galicia de aquén mar foi moi inferior á da Federación progaleguista, tamén chamada da «rúa Belgrano».

Os nacionalistas actúantes na FSG e en cada unha das entidades de emigrantes tentaron promover unha política cultural e simbólica que tendese ao espallamento dos seus postulados mediante a prensa –nomeadamente, o semanario da FSG galeguista, *Galicia*, que substituíu o antigo voceiro *El Despertar Gallego* e que na práctica funcionaría como un voceiro do Partido Galeguista en Bos Aires durante os anos trinta– e a palestra pública. Tamén tentaron estender o credo galeguista a través doutros medios. De entrada, mediante a difusión dun imaxinario simbólico ligado ao nacente corpus de mitos e conmemoracións elaborados polo nacionalismo, dende a bandeira e o himno até a celebración do 17 de decembro como día alternativo de Galicia, en lembranza do idealizado mariscal medieval Pardo de Cela, e mais a introdución de obras teatrais e composicións en galego nas festas dos emigrantes. Algúns resultados colleitáronse nese eido. Desta maneira, no 1926-29, un 16,7 % das festas celebradas polas sociedades galegas de Bos Aires incluían o himno galego e un 27 % obras teatrais en galego; nas entidades que facían parte da FSG «da rúa Belgrano», esas porcentaxes eran do 23,3 % e do 28,3 % e aumentaron a case un 50 % a comezos dos anos trinta. Con todo, nesas festas e celebracións imperaba, abofé, o eclecticismo identitario. Ramón Suárez Picallo, por exemplo, interveu no 1928, na sociedade de Meaño, nunha palestra sobre galeguismo en afervoados tons; mais, a seguir, as integrantes dun conxunto artístico da sociedade executaron un cadro andaluz, cantando pasodobres «ataviadas con los clásicos mantoncillos y prendido al pelo un clavel».

Con todo, os galeguistas tentaban facer política entre os inmigrantes da única maneira en que crían que se podía facer: ocupando o liderado das asociacións

microterritoriais, o tecido variado das sociedades de «instrución», para tentar «galeguizalas» dende o seu poleiro, comezando polas súas xuntanzas, cerimoniais e festas. Niso tiveron máis éxito, en comparanza, que os seus correligionarios aquén mar, que sempre apelaron á conquista da base social que supuñan as sociedades agrarias, mais que só de forma serodia conseguiron certa implantación real entre elas. Optar por esa estratexia posibilista, actuando como líderes étnicos da colectividade, implicaba, porén, asumir un grande pragmatismo táctico, facer renuncias simbólicas e ideolóxicas e adoptar posicións gradualistas, tamén no referente ao uso do idioma propio. Resumíao así Blanco Amor nunha carta ao seu aínda mestre e mentor Vicente Risco no 1930: só dende o poleiro sería posible gañar a FSG para o galeguismo, mesmo que fose a custa de renuncias tácticas temporais, na terminoloxía que se empregaba na propaganda. Unha táctica semellante seguían, no fondo, os arredistas da Pondal, algúns de cuxos membros máis destacados eran directivos da Unión Quiroguesa ou tiñan presenza na potente Unión Provincial Orensana.

Aínda que os galeguistas porteños estaban divididos internamente, a súa escisión non seguira as lóxicas imperantes entre os galeguistas metropolitanos. Pola contra, aqueles eran neutrais no preito entre a ING e a Irmandade da Fala da Coruña e non chegaron a entender ben as causas da división. De feito, mantiñan relación tanto con uns como con outros. No 1928 Eduardo Blanco Amor, de paso por Galicia no decurso dunha viaxe a Europa, interveu nalgunhas xuntanzas en Compostela que procuraban a reunificación do nacionalismo, sen éxito. Suárez Picallo, pola súa banda, mantiña un contacto fluído co grupo dos *irmandiños* coruñeses, cos que compartía inqedanzas sociais. O que os galeguistas porteños da corrente posibilista arelaban era, sobre todo, ter un referente nun partido nacionalista unificado en Galicia que non caese nos erros pasados do agrarismo de Basilio Álvarez.

Porén, ao non ter lugar a reunificación das Irmandades da Fala, e ante a creba da ditadura e a inminente conxuntura de mudanza política que se aveciñaba en España e Galicia, varios *irmandiños* coruñeses optaron pola converxencia cos

republicanos de Casares Quiroga e outros grupos na Organización Republicana Autonomista Gallega (ORGA), dando prioridade ao republicanismo. Os galeguistas porteños que actuaban no seo da FSG, igual que os montevidéanos que tiñan influxo no Centro Galego, decidiron aliñarse coa ORGA. Pola contra, os arredistas porteños seguiron o seu propio camiño. Conseguiron consolidar un grupo non moi numeroso (unhas cen persoas no seu mellor momento, delas un núcleo duns 25 membros activos) que no 1930 se refundou como Sociedade Nazionalista Pondal e deu ao prelo o quincenario *A Fouce*, á marxe da FSG, da que foran expulsados no 1928. Nese voceiro pregoaban un independentismo retórico que, no fondo, traducía máis ben unha formulación confederal; a iso engadían unhas inqedanzas de esquerda que eran maiores nalgúns membros que noutros. Sobre eles, como tamén sobre os posibilistas que operaban na FSG, exercía fascinación o catalanismo radical e republicano. A visita de Macià no 1928 á Arxentina, onde interveu nun acto acompañado de Alonso Ríos, deixou certo pouso entre o galeguismo porteño.

O galeguismo na Arxentina constituía, polo demais, un fenómeno fundamentalmente porteño. Non era de estrañar, xa que a maioría dos inmigrantes galegos se concentraban na altura na cidade de Bos Aires e en localidades do seu cinto, como Avellaneda. Fóra da capital federal case non había núcleos organizados vencellados ao nacionalismo das Irmandades. Tan só existiron un pequeno grupo en Rosario, en torno ao *irmandiño* betanceiro Xosé Ares Miramontes, quen emigrara á Arxentina logo de asistir á Asemblea Nacionalista de Lugo, e mais outro, que editaba a revista *Lar Galicián*, en Resistencia (Chaco), e activistas illados. En Chile, apenas temos constancia dun grupo do que soamente nos chegou o pintoresco nome: Os Enxebres, de Antofagasta. A maiores situaríase o grupo uruguai, en parte moi vencellado á dinámica do porteño, se ben dende finais dos anos vinte adquiriu unha autonomía de actuación e evolución cada vez maior, como amosa tamén neste volume Pilar Cagiao.

No 1931, froito da converxencia pragmática entre republicanismo, galeguismo e agrarismo e certa orientación esquerdizante, a colectividade galega de Bos Aires experimentou unha ampla mobilización en prol da República. E os galeguistas xogaron a carta de presionar abertamente pola consecución dunha República federal. En abril de 1931 viviron mesmo una certa miraxe macianista e defenderon que se constituíse un Estado galego dentro da República federal española, seguindo os pasos do líder catalanista. Resultado diso foi unha teatral proclamación da República Galega en xuño de 1931 a cargo de Alonso Ríos.

Xa daquela, en certo xeito, a colectividade galega de Bos Aires era ollada dende Galicia como unha Galicia ideal *avant la lettre*. En maio de 1931 tomou corpo a idea de mandar ao país unha delegación da FSG e do Centro Galego de Montevideo, coa finalidade de participar na política galega a carón da ORGA (aínda que co obxectivo de crear un partido galeguista unificado) e loitar polo autogoberno de Galicia. Do Río da Prata partiron Suárez Picallo, Alonso Ríos, Pedro Campos Couceiro e Xulio Sigüenza, antigo galeguista en Cuba e agora secretario do Centro Galego de Montevideo. Os dous primeiros adquirirían decontado certa popularidade no país de orixe e farían política en Galicia nas fileiras do galeguismo político e do agrarismo durante a II República. Só volverían ao Río da Prata como exiliados, varios anos despois. Sigüenza, pola súa banda, ficou en Vigo, traballou como xornalista e en xullo de 1936 adheriuse, de grado ou por forza, aos rebeldes. Campos Couceiro, pola contra, retornou pouco tempo despois a Bos Aires. Os delegados da FSG «galeguista» e do Centro Galego de Montevideo tiveron en Galicia un protagonismo estelar, fronte á irrelevancia da delegación enviada pola FSG «socialista», cuxa achega ao PSOE e á UGT galegos pasou desapercibida. Os galeguistas, en todo caso, mantiveron o control da FSG até 1937, cando o novo contexto da guerra civil levou a unha reunificación das dúas pólas da FSG esgazadas oito anos atrás e a unha recomposición dos equilibrios internos entre galeguistas e socialistas, que se viu ademais atinxida pola chegada dos primeiros exiliados dende a patria de orixe.

III. CODA: A GALICIA IDEAL DENANTES DA GALICIA IDEAL

Cando Alfonso R. Castelao chegou a Bos Aires en xullo de 1940 declarou a súa satisfacción por atoparse nunha Galicia ideal, nun lugar onde a comunidade inmigrante reflectía moitos dos ideais que o galeguismo defendía dende 1916-18. Tratábase dunha imaxe idealizada, mais con algúns fundamentos de verosimilitude. En comparanza coa Habana, Nova York ou México, lugares onde o rianxeiro pasara os primeiros anos do seu periplo como expatriado ou onde se concentraba de xeito maioritario o exilio republicano español, o certo era que os galeguistas tiñan no seo da colectividade galega organizada un protagonismo moito maior, e mesmo exercían posicións de poder. Iso non significaba que a maioría dos inmigrantes, nin sequera a porcentaxe minoritaria (arredor dun 20-25 % dos cabezas de familia) que estaba asociada a sociedades galegas, compartisen os postulados do galeguismo político e cultural. En todo caso, dun movemento que atraeu sobre todo as elites intermedias da colectividade. Pequenos comerciantes, aínda que algúns deles máis ou menos podentes; empregados de comercio; «bachareles» e xornalistas. Na Sociedade Nazionalista Pondal tamén tiveron un certo protagonismo inmigrantes de orixe rural e labrega cunha formación limitada, fillos de labregos máis ou menos abastados, xunta inmigrantes que se adicaban ás artes e ao xornalismo e arribaran ao Río da Prata provistos de certa educación (primaria ou secundaria).

A carta xogada polos galeguistas, ben sabedores do seu carácter minoritario, fora a do liderado étnico. Albergaban a intención de influír nas directivas das asociacións microterritoriais e na FSG. Neste senso, o galeguismo en Bos Aires conseguira algo que as Irmandades non acadaran na propia Galicia: a comunión cunha parte do agrarismo, nomeadamente o de tendencia redencionista e radical. No espello porteño, os galeguistas de aquén mar crían ver un camiño. Mesmo os arredistas servían tamén de espello, neste caso de «purismo» e baril intransixencia. E no fondo arelaban o mesmo: conseguir unha ampla base social entre as sociedades de instrución, integradas por inmigrantes de orixe labrega.

Os novos galeguistas porteños foran ademais unha novidade e unha inxeción de aire fresco na política galega dos anos trinta, en primeiro lugar nas propias ringleiras do nacionalismo. Como sinalaba Vicente Risco no 1931, os novos galeguistas americanos eran máis e mellores axitadores, e políticos máis profesionais, aínda que non requintados ideólogos. Serían precisos para o movemento, sempre e cando, advertía, a Galicia do mañá non dependese enteiramente deles. Quizais por velos un chisco modernos en exceso, o que tamén obedecía aos clásicos prexuízos dos galeguistas conservadores contra dos retornados de América que, como lembrara Antón Losada Diéguez anos denantes, viñan inzados de modernidade e anticlericalismo. Risco tiña, abofé, razón nun punto. Os galeguistas do Río da Prata non eran nin pretendían ser teóricos, malia algúns deles, como Lino Pérez ou Xulio Sigüenza, escribiren opúsculos con algunhas aspiracións. Nin sequera tiñan iso en perspectiva os máis cultos e capacitados como oradores entre eles, como Blanco Amor; tampouco o pretendían os máis experimentados politicamente, como Suárez Picallo e Alonso Ríos, ou os *plumillas* inquedos que bulían no seo da Pondal, dende o amentado Lino Pérez até Vicente Barros, Moisés da Presa ou o músico Manuel Prieto Marcos. Adoito, o que facían todos eles era reproducir de xeito ecléctico os postulados que recibían de Europa, dende a *Teoría d'o nazonalismo galego* de Risco (1920) até as obras de Antón e Ramón Villar Ponte e Ramón Otero Pedrayo, conferíndolles, de certo, unha meirande radicalidade. O xenio dos galeguistas porteños era outro: a mobilización e a arenga, o talento organizativo e a capacidade de axitación. Artes que buliran na cidade de Bos Aires, onde o facer «política nas rúas», a política de masas, era un sinal distintivo dende finais do século XIX, parafraseando a historiadora arxentina Hilda Sábato.

Bos Aires converteuse no auténtico centro motor do galeguismo metropolitano a mediados dos anos vinte; pola contra, A Habana desapareceu virtualmente do panorama global do galeguismo neses mesmos anos. Cal era a causa? Podemos avanzar tres hipóteses. En primeiro lugar, a decadencia económica e do influxo da colectividade habaneira. En segundo lugar, a falla de oportunida-

des para os galeguistas cubanos, que só experimentaron a face «arredista», influída pola súa vez pola propia tradición nacionalista cubana. Iso levou ademais á falla de anovamento e modernidade da *intelligentsia* nacionalista en Cuba. Niso reflectíase que a capital da «Galicia ideal» pasase a Bos Aires logo da I Guerra Mundial.

As elites que en Bos Aires se achegaron ao galeguismo eran sen dúbida unha minoría, pero significativa, que operaba pola súa vez sobre sectores mobilizados, visibles, mais non maioritarios da colectividade. Amosábo así o fracaso relativo dalgúñas grandes colectas inspiradas polos galeguistas, como a subscripción Pro-Libro Escolar Galego ou Pro-Adquisición da Casa Natal de Rosalía. Só a iniciada en 1928 a prol da construción dunha residencia de estudantes en Compostela, alentada polos galeguistas pero con obxectivos máis amplos e sustentada por outros sectores, deu froitos tanxibles, patentes hoxe nos tres edificios que se erguen no campus compostelán. Por outra banda, mesmo no caso das sociedades municipais ou locais de forte base comunitaria, as brigas ideolóxicas mobilizaban os seus membros sobre todo en función de afinidades persoais e de lealdades comunitarias de índole parroquial, canalizadas a través de redes micro-sociais e non tanto en función de principios políticos opostos. Sen negar a capacidade de mobilización dos socios en función de motivacións ideolóxicas e de grandes principios –como aconteceu, de feito, durante os anos da guerra civil española–, a ambigüidade entre a extrema politización dos cadros dirixentes e a tendencia maioritaria, de cariz apolítico e comunitario, dos seus membros sería unha constante.

Con todo, en comparanza coa propia Galicia metropolitana, algúns indicadores eran significativos. Na altura de 1932, o semanario *Correo de Galicia*, que seguía a ser dirixido por un José R. Lence que amosaba un escepticismo cada vez meirande fronte á causa da autonomía de Galicia, levou a cabo entre os seus lectores unha sondaxe sobre a súa actitude ante o autogoberno do país. Un total de 410 persoas enviaron as súas respostas ao semanario, xunto coa súa foto e nome, durante varios meses. Case o 60 % delas manifestáronse a prol dalgúña

forma de autogoberno para Galicia dentro da República, se ben con grandes divisións internas, fronte ao 40 % que se confesaba centralista. Así, un 20,48 % dos que responderon declarábanse autonomistas, un 23,65 % federalistas e un 12,4 % arredistas. As actitudes ante o idioma galego eran menos favorables: só un 27,6 % declaraban estar a prol da oficialidade ou exclusividade do galego nunha futura Galicia autónoma, federada ou independente. Con todas as reservas canto á representatividade da mostra, que como moito reflectía ou suxería o que podía ser un estado de opinión entre os sectores medios e medios-altos da colectividade, os seus resultados non eran irrelevantes. Pois suxerían que os postulados sostidos durante tres lustros polos galeguistas na Arxentina tiñan algunha resposta social entre a colectividade inmigrante, aínda que non maioritaria. Porén, cómpre preguntarse cal tería sido o resultado dunha enquisa semellante de terse levado a cabo na propia Galicia. Malia as súas limitacións, a «Galicia ideal» tamén tiña algunha base real.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AMELINA, Anna / Karolina BARGLOWSKI (2019): «Key methodological tools for diaspora studies: combining the transnational and intersectional approaches», en Robin Cohen / Carolin Fischer (eds.), *Routledge Handbook of Diaspora Studies*, London / New York, Routledge, 31-39.
- ANDERSON, Benedict (1998): «Long-distance nationalism», en *The Spectre of Comparisons: Nationalism, Southeast Asia and the World*, London, Verso, 58-74.
- BROWN, Thomas N. (1976): «The Origins and Character of Irish-American Nationalism», en Lawrence J. McCaffrey (ed.), *Irish Nationalism and the American Contribution*, New York, Arno Press, 325-347.
- BROWN, Thomas N. (1980): *Irish-American Nationalism: 1870-1890*, Westport, Greenwood.
- BRUBAKER, Rogers (2005): «The “diaspora” diaspora», *Ethnic and Racial Studies*, 28:1, 1-19.
- BUDDE, Gunilla / Sebastian CONRAD / Oliver JANZ (eds.) (2011): *Transnationale Geschichte: Themen, Tendenzen und Theorien*, Göttingen, Vandenhoeck & Ruprecht.
- COHEN, Robin (2008): *Global Diasporas: An Introduction*, London, Routledge.
- DÍAZ, Hernán M. (2007): *Historia de la Federación de Sociedades Gallegas: identidades políticas y prácticas militantes*, Buenos Aires, Biblos / Fundación Sotelo Blanco.
- DUFOIX, Stéphane (2008): «Diaspora and Nationalism», en Guntram H. Herb / David H. Kaplan (eds.), *Nations and Nationalism: A Global Historical Overview*, Santa Barbara / Denver / Oxford, ABC-Clio, 1364-1378.
- ESPAGNE, Michel (1999): «Au-delà du comparatisme», en id., *Les transferts culturels franco-allemands*, Paris, PUF, 35-49.
- FARIAS, Ruy (ed.) (2007), *Buenos Aires gallega: inmigración, pasado y presente*, Buenos Aires, Gobierno de la Ciudad Autónoma de Buenos Aires.
- FOOTE, Nicola / Michael GOEBEL (eds.) (2014): *Immigration and National Identities in Latin America*, Gainesville, FL, University Press of Florida.
- GANS, Herbert J. (1979): «Symbolic ethnicity: The future of ethnic groups and cultures in America», *Ethnic and Racial Studies*, 2:1, 1-20.
- GARCÍA SEBASTIANI, Marcela (ed.) (2010): *Patriotas entre naciones: élites emigrantes españolas en Argentina (1870-1940)*, Madrid, Editorial Complutense.
- GLICK SCHILLER, Nina / Georges Eugene FOURON (2001): *Georges Woke Up Laughing: Long-Distance Nationalism and the Search for Home*, Durham, NC, Duke University Press.
- GOEBEL, Michael (2015): *Anti-Imperial Metropolis: Interwar Paris and the Seeds of Third World Nationalism*, Cambridge, Cambridge University Press.
- ISABELLA, Maurizio (2009): *Risorgimento in Exile: Italian Émigrés and the Liberal International in the Post-Napoleonic Era*, Oxford, Oxford University Press.
- JACOBSON, Matthew Frye (1995): *Special Sorrows: The Diasporic Imagination of Irish, Polish, and Jewish Immigrants in the United States*, Cambridge, MA, Harvard University Press.
- LOYER, Emmanuelle (2009): «Exile», en Akira Iriye / Pierre-Yves Saunier (eds.), *The Palgrave Dictionary of Transnational History*, London, Palgrave Macmillan, 368-370.
- LYONS, Terrence / Peter MANDAVILLE (eds.) (2012): *Politics from Afar: Transnational Diasporas and Networks*, London, Hurst & Co.

- MANELA, Erez (2007): *The Wilsonian Moment: Self-determination and the Origins of Anticolonial Nationalism*, Oxford, Oxford University Press.
- MILLER, Kerby A. (1985): *Emigrants and Exiles: Ireland and the Irish Exodus to North America*, New York / Oxford, Oxford University Press.
- NAGEL, Daniel (2012): *Von republikanischen Deutschen zu deutsch-amerikanischen Republikanern: Ein Beitrag zum Identitätswandel der deutschen Achtundvierziger in den Vereinigten Staaten, 1850-1861*, St. Ingbert, Röhrig Universitätsverlag.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada, Edición do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos: o influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Xerais.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (ed.) (2001): *La Galicia austral: la inmigración gallega en la Argentina*, Buenos Aires, Biblos.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2002): *O inmigrante imaxinario: estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Santiago de Compostela, Universidade.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2014): *Las patrias ausentes: estudios sobre historia y memoria de las migraciones ibéricas (1850-1960)*, Oviedo, Genuève.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2016): *O soño da Galiza ideal: estudos sobre exiliados e emigrantes galegos*, Vigo, Galaxia.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2019): *Patriotas transnacionales: ensayos sobre nacionalismos y transferencias culturales en la Europa del siglo XX*, Madrid, Cátedra.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2020a): «Sobre diásporas, exilios e identidades en el siglo XX», en Marcela García Sebastiani / Xosé M. Núñez Seixas (eds.), *Hacer patria lejos de casa: nacionalismo español, migración y exilio en Europa y América (1870-2010)*, Zaragoza, Universidad, 15-39.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (ed.) (2020b): *The First World War and the Nationality Question in Europe: Global Impact and Local Dynamics*, Leiden / Boston, Brill.
- PATEL, Kiran Klaus (2004): «Überlegungen zu einer transnationalen Geschichte», *Zeitschrift für Geschichtswissenschaft*, 52, 626-645.
- SAUNIER, Pierre-Yves (2013): *Transnational History*, Basingstoke, Palgrave Macmillan.
- SUÁREZ PICALLO, Ramón (2008): *Años de formación política: selección de textos (1916-1931)*, ed. de Hernán M. Díaz, Buenos Aires, Alborada.
- TÖLÖLYAN, Khachig (2019): «Diaspora studies: past, present and promise», en Robin Cohen / Carolin Fischer (eds.), *Routledge Handbook of Diaspora Studies*, London / New York, Routledge, 22-30.
- VILLARES, Ramón (2019): *Galicia, una nación entre dos mundos*, Barcelona, Pasado & Presente.
- WERNER, Michael / Bénédicte ZIMMERMANN (2003): «Penser l'histoire croisée : entre empirie et réflexivité», *Annales. Histoire, Sciences Sociales*, 58:1, 7-36.